

O libro galego entre a ciencia e a inventiva: “Somos o que imaxinamos”

O investigador mariño Alberto González-Garcés mestura entre pequenas historias temas como os buratos negros e a xenética cos memes

[Rubén Beiró](#) 19/04/2025

“Sen historia e tradición non hai cultura, pero sen imaxinación non hai grandeza”. Esa idea mencionada por Nélida Piñón resoa como un eco na cabeza de Alberto González-Garcés. Agochado en lendas e ficcións, a historia do exdirector do Centro Oceanográfico de Vigo e do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca da Unión Europea [segue viva como a ciencia que esconde](#) nos seus relatos. Ata 40 pequenas historias **que presenta nun libro, *Somos o que imaxinamos*.**

Reflexivo e divertido, o libro do investigador mariño busca ser creativo ante realidades como os buratos negros. Estes non poden ser tan escuros se absorben toda a luz que os rodea, chancea González-Garcés. Con esa filosofía afronta outros temas como a orixe de Muros, a quen imaxinariamente vincula a Ulises, ou a evolución da medición dun metro. Di o escritor que, quizais, os *memes* perdurarán máis que os xenes. Estes mudarán, transformaranse, acabarán diluídos. Dos *memes* de Aristóteles, como unidade cultural, queda moitísimo, medita o galego.

A súa vida influencia de forma importante (e irremediable) este libro. **O escritor percorreu o Pacífico, o Atlántico e o Mediterráneo** e nas súas historias [non podían faltar narracións vinculadas ao mar](#). É o caso de ‘Cigala72’, unha campaña tratada, como en todo o exemplar, con certa inventiva.

Un libro con moita imaxinación

“Este libro foi creado coa idea utópica de ser feliz escribindo e de contribuír á felicidade dos demais”, resalta González-Garcés. Non era fácil para el escribir poemas desde a diversión, porque o sente moito, sofre. Por iso quería cambiar de rexistro cunha obra que [fala moito sobre ciencia, apunta, pero iso si, “dun modo divertido e imaxinativo”](#). Un exemplo é a unificación dos horarios no mundo, coa complexidade que supón poñer todos os reloxos na mesma hora.

A creación deste galego xoga moito co tempo. “Ou non sei se é o tempo o que xoga connigo”, di o autor, que cre que o pasado é algo estraño. O escritor destaca que as persoas sempre pensan no futuro, no día seguinte, nos plans que queren. Incluso con outras persoas, como poden ser os fillos.

O investigador mariño é máis optimista nesta segunda obra. A primeira, *Alta mar, mar aberta*, foi un poemario, e máis íntimo. Neste, reconstruía vivencias sobre o mar e exploraba sobre a identidade cunha **profunda autobiografía**. De momento, non descarta unha posible terceira peza, aínda que non pode aseguralo.

Alberto González-Garcés é fillo do poeta Miguel González-Garcés, unha figura destacada da poesía galega. Algúns expertos da Real Academia Galega non descartan propoñer a Miguel para o Día das Letras Galegas nos próximos anos, en recoñecemento ao seu legado literario. Este, cunha obra que fusiona reflexión e sensibilidade lírica foi un escritor da Xeración do 36.

González-Garcés fillo escribe porque ten tempo e porque pode. Faino para desfrutar e para sufrir pero, sobre todo, para transmitir. Detrás dos seus relatos, agocha unha idea: pensamos que somos o que cremos, e non é así. “Somos o que imaxinamos, formamos un futuro coa nosa imaxinación”, asegura o autor. Agora, **os lectores decidirán** se estas reflexións, ao igual que eses *memes* de Aristóteles, perdurarán.